

FESTAS PATRONAIS 2019
MONFORTE DE LEMOS

Do 11 ó 16 de Agosto

Na honra á Virxe de Montserrat

CONTIDO

<i>Páxina 3</i>	<i>Saúdo do Alcalde</i>
<i>Páxina 4</i>	<i>Programa das festas</i>
<i>Páxina 18</i>	<i>Actividades culturais –Verán 19</i>
<i>Páxina 24</i>	<i>Competicións deportivas –Verán 19</i>
<i>Páxina 25</i>	<i>Colaboracións</i>
<i>Páxina 46</i>	<i>Plano da cidade</i>

Ficha técnica

PROGRAMA DE FESTAS CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS

Coordinación

- Delegación Municipal de Cultura

Cartel das festas

-Sonia Álvarez Carnero

Fotografías

-Jesús Rodríguez Montero

Colaboracións

-Fco. Javier Agudo García Sch.P.

- Margarita Rodríguez Otero

- Luis Conde Carnero

- Felipe Aira Pardo

- Ángel Arnáiz González

Deseño Gráfico

- Imprenta Chuzos

www.monfortedelemos.es

Estimados veciños, veciñas e turistas que nos visitan;

Antes de nada, quero agradecer a todos os monfortinos e monfortinas o seu apoio maioritario nas pasadas eleccións municipais, o que me permite seguir traballando para mellorar o noso Concello.

O meu compromiso co mantemento das tradicións monfortinas son firmes e vanse manter, como pode ser os actos de honra á Patroa, as Festas que merece Monforte ou os Fogos do río Cabe, son os meus compromisos irrenunciabes con todos os monfortinos.

Aproveito estas páxinas do programa das Festas Patronais 2019 para trasladarvos a todos o meu afectuoso saúdo e para convidarvos a que participedes e gocedes de todas as actividades que deseñamos, xa que vós sodes os auténticos protagonistas das nosas Festas Patronais.

Un dos meus obxectivos foi recuperar o prestixio e a sona das nosas Festas Patronais e creo que, ano a ano, o fomos conseguindo. O 2019 non vai ser menos, estou seguro de que volveremos ser un referente dentro da Ribeira Sacra e superarámonos un ano máis.

Neste ano 2019, haberá un concerto gratuíto a cargo de artistas de renome nacional e internacional cada un dos días de celebración dos festexos. Tampouco nos esquecemos, á hora de deseñar este programa, de contar coa presenza destacada de músicos de Monforte e da comarca, que serán protagonistas tanto nas Festas Patronais como en toda a programación cultural de verán.

Con este cartel das Patronais de 2019 queremos que as Festas de Monforte teñan variedade, calidade musical e cultural, que sexan do agrado dos nosos veciños e que o público que nos visite estes días quede cun bo sabor de boca para os vindeiros anos. Estou convencido de que o Programa deste ano vai volver facer que as nosas Festas sexan o maior atractivo turístico do sur da provincia de Lugo e da Ribeira Sacra en todo o mes de agosto.

Desexo que as nosas Festas e a nosa cidade brillen con luz propia estes días para o gozo de todos os monfortinos e tamén espero que sexan do agrado de todos os que nos visiten para que poidamos gozar delas todos xuntos.

Dende aquí ánimovos a que participedes nos diferentes actos programados e que aproveitedes as Festas para vivir momentos únicos coa vosa familia e cos vosos amigos.

Unha aberta e ¡Felices Festas Patronais 2019!

JOSÉ TOMÉ ROCA
ALCALDE DE MONFORTE DE LEMOS



11 de agosto DOMINGO



20:30 h **PREGÓN DAS FESTAS PATRONAIS - 2019**

Na Casa do Concello de Monforte de Lemos lerase o pregón das Festas Patronais do ano 2019, a cargo da cantante e artista do Incio e boa amiga da cidade de Monforte **Lucía Pérez**.

21:00 h **LANZAMIENTO DO FOGUETE** que anuncia o inicio das Festas dende o Campo de Santo Antonio.

21:00 h **INAUGURACIÓN DA ILUMINACIÓN ARTÍSTICA**



23:00 h **CONCERTO DA ORQUESTRA /GARUFA BLUE DEVILS BIG BAND**

Na praza de España actuación da Orquestra-Big Band **Garufa Blue Devils Big Band**. A formación integrada por 18 músicos presenta en Monforte un espectáculo cun repertorio de música dos grandes clásicos do *swing* sen perder de vista a música afrocubana da época, do cine e o cabaré.



12 de agosto
LUNS

12:00 h **O GRUPO DE GAITAS DO CONCELLO**




Sairá dende a praza de España e tocará alboradas de inicio de festa por diferentes rúas da cidade.

Posteriormente ás 13:00 h xuntarase cos Cabezudos na praza de España para o gozo dos máis pequenos.



13:00 h **VII FESTIVAL CÓMICO FESTIVO A RÚA É VOSA: SINCRONACIDAS** /Circo, acrobacia e *clown*

Na praza de España Sincronacidas representarán o espectáculo OHLIMPIADAS no que dúas limpadoras aburridas da súa rutina diaria entrarán no mundo da ilusión, onde a súa xornada laboral é retransmitida coma se dunha competición olímpica se tratase.



20:00 h **VII FESTIVAL CÓMICO FESTIVO A RÚA É VOSA: SINCRONACIDAS** /Circo, acrobacia e *clown*



De novo o grupo Sincronacidas na praza de España faranos gozar dunha actuación presentando unha serie de situacións, situacións que cobran vida grazas á combinación de técnicas como a danza, os portes acrobáticos e grandes doses de humor que levaron a estas artistas a gañar o Premio FETEN 2019 na modalidade mellor espectáculo de rúa.

20:30 h **OS XOGRARES DE LEMOS**

O Grupo de Gaitas e pandeireteiras Os Xogrades de Lemos amenizarán cun pasacalle a tarde deste xornada festiva dende o barrio da Estación ata o centro da cidade.



12 de agosto
LUNS

23:00 h **VERBENA**

Na praza da Compañía coa orquestra
MARBELLA.



23:00 h **CONCERTO DO GRUPO OS PARENTES**

Os Parentes, grupo musical de Sober, presenta o seu espectáculo na praza de España.

00:30 h **CONCERTO**

Na praza da Compañía concerto de **DVICIO.**



02:00 h **VERBENA**

Continuación da verbena coa orquestra **MARBELLA** na praza da Compañía.

13 de agosto
MARTES

12:00 h **GRUPO DE GAITAS DO CONCELLO**

Dende o barrio da Estación o Grupo de Gaitas do Concello tocará alboradas de inicio de festa por diferentes rúas da cidade.

12:00 h **VII FESTIVAL CÓMICO FESTIVO A RÚA É VOSA:
HOCUS POCUS A ILLA DOS NENOS** /Maxia cómica



Na rúa do Cardeal teremos nesta mañá maxia cómica coa compañía A illa dos nenos. Seguindo a súa tónica de humor, o MAGO PACO ofrécenos un espectáculo de maxia infantil cheo de risas, cor e moitas sorpresas dirixidas para os máis cativos, xa que é un espectáculo pensado por e para eles.

13:00 h **VII FESTIVAL CÓMICO FESTIVO A RÚA É VOSA:
ARTURELLO DI POPOLO** /Mimo, *clown*, maxia

Na praza de España a compañía Arturello di Popolo representará o espectáculo ALEGRE DIVERTIMENTO, espectáculo cunha linguaxe visual apta para todos os públicos e que conta coa emoción do mundo do mimo, do *clown* e da maxia.



19:00 h **VII FESTIVAL CÓMICO FESTIVO A RÚA É VOSA:
A ILLA DOS NENOS** /Maxia cómica



A illa dos nenos deleitaranos na rúa do Cardeal coa actuación HOCUS POCUS, espectáculo no que os nenos e nenas poderán xogar, rir, brincar, actuar...formando parte activa do seu fantástico mundo cheo de emocionantes aventuras.

20:00 h **VII FESTIVAL CÓMICO FESTIVO A RÚA É VOSA:
ARTURELLO DI POPOLO** /Mimo, *clown*, maxia

Na praza de España espectáculo cómico con fina e expresiva pantomima, ritmo trepidante, disparatados gags, enxeñosos números máxicos e malabares excéntricos. Con todos estes efectos o artista consegue recrear a época do cine mudo e dos espectáculos de variedades, logrando atrapar o corazón de maiores e cativos.



13 de agosto
MARTES

23:00 h **VERBENA** na praza da Compañía coa orquestra **FINISTERRE**.



23:00 h **CONCERTO**
BANDA DE MÚSICA DO CONSERVATORIO MESTRE IBÁÑEZ
DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS na praza de España.



00:30 h **CONCERTO**
Na praza da Compañía concerto de **CARLOS**
BAUTE.

02:00 h **VERBENA**

Continuación da verbena coa orquestra **FINISTERRE** na praza da Compañía.

14 de agosto MIÉRCOLES

12:00 h GRUPO DE GAITAS DO CONCELLO

Dende a praza de Santo Antonio o Grupo de Gaitas do Concello tocará alboradas de inicio de festa por diferentes rúas da cidade.

12:00 h VII FESTIVAL CÓMICO FESTIVO A RÚA É VOSA:

RAULEZ /Circo, música, diábolo

Na rúa do Cardeal actuará Raulez, co seu espectáculo CONCERTO MALABAR. Benito Rostropovich, gran concertista, dispónse a dar o seu famoso "Concerto de campás", pero tal vez o público non estea polo labor e decide cambiar ás campás por un concerto de diábolo. Igual que Jekyll e Hyde, Benito utiliza unha apócema para cambiar de personaxe, convertendo o seu clown en tanguista namoradeiro.



13:00 h VII FESTIVAL CÓMICO FESTIVO A RÚA É VOSA:

DESASTRONAUTS /Circo acrobático aéreo

Na praza de España Desastronauts realizarán a súa actuación de circo acrobático aéreo ás 13:00 horas co seu espectáculo MÁIS ALTO AINDA.



19:00 h VII FESTIVAL CÓMICO FESTIVO A RÚA É VOSA:

RAULEZ /Circo, música, diábolo


Raulez sorprenderanos na rúa do Cardeal cun espectáculo cómico-circense no que a sensibilidade e calidade das composicións músico-malabares, a coidada elaboración das súas personaxes e a sa e pícara interacción co público se unen nun espectáculo especial.



20:00 h VII FESTIVAL CÓMICO FESTIVO A RÚA É VOSA:

DESASTRONAUTS /Circo acrobático aéreo

Na praza de España Desastronauts ofrecerá unha actuación de acrobacias aéreas. Neste espectáculo unha muller forte, intelixente, atractiva e divertida topa cun home digamos non moi intelixente. El ha facer o que sexa para estar con ela e ela fará todo o posible por escapar. Veremos como a súa loita frenética se vai intensificando a medida que atopan un trapezio de balanceo, cordas aéreas e un hula hula de lume.



14 de agosto MIÉRCOLES

20:30 h **PANDEIRETEIRAS**

A Asociación Cultural Amigos da Pandeireta de Monforte amenizará a tarde desta xornada festiva dende a praza de Carude ata o centro da cidade.



ORQUESTA PRINCIPAL



23:00 h **VERBENA** na praza da Compañía coa orquestra **PRINCIPAL**.



23:00 h **CONCERTO**

Na praza de España realizará un concerto a **BANDA DE MÚSICA DE CHANTADA**.

00:30 h **CONCERTO**

Na praza da Compañía concerto de **CHENOA**.

02:00 h **VERBENA**

Continuación da verbena coa orquestra **PRINCIPAL** na praza da Compañía.



15 de agosto XOVES

10:00 h LANZAMIENTO DE 21 BOMBAS DE PALENQUE

O lanzamento de 21 bombas de palenque anunciará o día grande das Festas Patronais.



10:00 h DÍA DA PATROA

Na praza de Santo Antonio, xunto á Casa do Concello, reuniranse todas as persoas que queiran participar na **Homenaxe á Patroa do Val de Lemos**, a *Virxe de Montserrat*. Ás 10:30 h os reunidos e autoridades acompañados da *Banda de Gaitas e do Grupo de Baile Tradicional do Concello de Monforte de Lemos* sairán cara á igrexa de San Vicente do Pino onde se realizará a Ofrenda Floral á Patroa da cidade.



11:00 h MISA E OFRENDA FLORAL Á VIRXE DE MONTSERRAT.

Misa na honra da Virxe de Montserrat cantada pola Coral Polifónica do Concello de Monforte de Lemos. Á saída actuará o *Grupo de Baile Tradicional* xunto coa *Banda de Gaitas do Concello de Monforte de Lemos*.

O Alcalde, autoridades e asistentes ao acto farán a *Ofrenda Floral á Virxe de Montserrat*.



DÍA DO GAITEIRO

O Concello de Monforte pretende no Día do Gaiteiro amosar e dignificar a riqueza cultural galega a través das súas diferentes expresións. Cuartetos, quintetos, sextetos e cantos de cego populares amosarán a enorme variedade musical de estilos e instrumentos.



15 de agosto XOVES

11:00 h **ALBORADAS CON GRUPOS DE GAITEIROS**

Grupos de gaiteiros sairán dende a praza de España por diferentes rúas da cidade facendo alboradas e rematarán no centro ás 13:00 h.

Participantes:

- ÉRBEDO – Quinteto Monforte de Lemos
- REDEGAITA - Quinteto Ourense
- O CEGO DA VENEIRA - Cantos de Cego A Pobra do Brollón
- OS XOGRARES – Sexteto Monforte de Lemos
- MERENZAO – Quinteto Monforte de Lemos
- LEMAVOS – Quinteto Monforte de Lemos



12:30 h **SAÍDA Á RÚA DE XIGANTES E CABEZUDOS**

Logo de moitos anos recupérase a tradicional saída á rúa de **XIGANTES E CABEZUDOS**. Ás 12:30 h dende a praza de España sairán os CABEZUDOS guiados polos XIGANTES para o gozo de pequenos e maiores.

13:00 h **CONCENTRACIÓN DOS GRUPOS TRADICIONAIS**

No centro urbano de Monforte os grupos tradicionais do DÍA DO GAITEIRO divulgarán as súas músicas ata as 15:00 h.



20:15 h **PASACALLE**

Dos grupos participantes na Mostra de Danza e Música Tradicional dende o campo da Compañía ata a praza de España.

20:30 h **MOSTRA DE DANZA E MÚSICA TRADICIONAL**


Na praza de España coa actuación de:

- O CEGO DA VENEIRA DA POBRA DO BROLLÓN
- GRUPO DE GAITAS DO CONCELLO DE MONFORTE



15 de agosto XOVES

- ESCOLA DE DANZA DO CONCELLO DE MONFORTE
- ACTUACIÓN DO GAITEIRO FERNANDO ESTÉVEZ RODRÍGUEZ E O PERCUSIONISTA JUAN MANUEL SARMIENTO
- ASOCIACIÓN CULTURAL AMIGOS DA PANDEIRETA DE MONFORTE
- AGRUPACIÓN FOLCLÓRICA LEMAVOS



23:00 h **VERBENA**

Na praza da Compañía coa actuación da orquestra **LA OCA**.



23:30 h **BARCAS ENGANANADAS**

No malecón do río Cabe farase un percorrido de barcas tradicionais engalanadas.

A actividade, a cargo da Club de Piragüismo Quixós, conta coa colaboración da Escola Municipal de Gaita e Percusión e da agrupación Os Xogrades de Lemos e ten como fin a recuperación desta fermosa tradición local. Ao remate do paseo verase dende o río a tirada de fogos de aire.

00:00 h **FOGOS ARTIFICIAIS DE AIRE**

Dende o monte de San Vicente sesión de fogos de artificio.



00:30 h **CONCERTO**

Na praza da Compañía concerto de **BLAS CANTÓ**.

02:00 h **VERBENA**

Continuación da verbena coa orquestra **LA OCA** na praza da Compañía.

16 de agosto
VENRES

12:00 h **O GRUPO DE GAITAS DO CONCELLO**

Sairá dende o barrio de Carude facendo alboradas de inicio da festa por diferentes rúas da cidade e logo ás 13:00 h.



12:00 h **VII FESTIVAL CÓMICO FESTIVO A RÚA É VOSA:**

PAKOLAS /Animación musical infantil

Na rúa do Cardeal PACO CERDEIRA –**PAKOLAS** representaranos un espectáculo de animación musical para un público infantil e familiar partir das 12:00 h .

13:00 h **VII FESTIVAL CÓMICO FESTIVO A RÚA É VOSA:**


DUELIRIUM /Circo acrobático aéreo

Na praza de España as acróbatas de **Duelirium** interpretarán o espectáculo O QUE QUEDA POR CHOVER, espectáculo dinámico e visual no que veremos toda clase de técnicas circenses.



19:00 h **VII FESTIVAL CÓMICO FESTIVO A RÚA É VOSA:**

PAKOLAS /Animación musical infantil



Na rúa do Cardeal ás 19:00 h poderemos ver AS PARÁBOLAS DE PAKOLAS. Este espectáculo de animación musical chega da man de Paco Cerdeira "Pakolas". Nel interpreta en directo unha escolla dos seus temas propios para público infantil, con música xirando en torno ao rock e outros estilos que entusiasman aos cativos e cativas. As cancións combinadas coas historias e contos que nelas se recollen forman así no conxunto nunha fermosa "parábola" musical da que aprender e na que pensar.

16 de agosto
VENRES


20:00 h **VII FESTIVAL CÓMICO FESTIVO A RÚA É VOSA:
DUELIRIUM** /Circo acrobático aéreo



Na praza de España actuará **Duelirium**. A compañía realizará un espectáculo que fala do paso do tempo de dúas mulleres. A infancia, a adolescencia, a madurez son fases polas que transcorre esta divertida historia, un espectáculo que combina trapecio, pirámide, corda, acrobalance e *clown*, como técnicas circenses.

23:00 h **VERBENA**

Na praza da Compañía coa actuación da orquestra espectáculo **PANORAMA**.



00:00 h **FOGOS ARTIFICIAIS DE AUGA**

Dende o Paseo do Malecón sesión de fogos de auga.

00:30 h **VERBENA**

Continuación da verbena coa orquestra espectáculo **PANORAMA** na praza da Compañía.

02:30 h **CONCERTO**

Na praza da Compañía actuación do grupo **SR. ALIAGA**.




DÍA DO GAITEIRO 15 de agosto

11:00 h. Dende a praza de España Grupos de Gaiteiros percorreren diferentes rúas da cidade facendo alboradas.


GRUPOS PARTICIPANTES POLA MAÑÁ :

O CEGO DA VENEIRA	Cantos de Cego	A Pobra do Brollón
OS XOGRARES	Sexteto	Monforte de Lemos
LEMAYOS	Quinteto	Monforte de Lemos
ÉRBEDO	Quinteto	Monforte de Lemos
MERENZA	Quinteto	Monforte de Lemos
REDEGAIITA	Quinteto	Ourense



13:00 h Concentración dos grupos tradicionais no centro urbano de Monforte onde divulgarán as súas músicas ata as 15:00 h.

OS XOGRARES sexteto Monforte de Lemos
LEMAVOS quinteto Monforte de Lemos
O CEGO DA VENEIRA cantos de cego A Pobra do Brollón
ÉRBEDO quinteto Monforte de Lemos
REDEGAITA quinteto Ourense
MERENZAO quinteto Monforte de Lemos



20:15 h PASACALLE dos grupos participantes na **Mostra de Danza e Música Tradicional** dende o campo da Compañía ata a praza de España.



20:30 h **MOSTRA DE DANZA E MÚSICA TRADICIONAL** na praza de España.

O CEGO DA VENEIRA A Pobra do Brollón
GRUPO DE GAITAS Concello de Monforte de Lemos
ESCOLA DE DANZA TRADICIONAL Concello de Monforte de Lemos
FERNANDO ESTÉVEZ RODRÍGUEZ gaiteiro solista
ASOC. CULTURAL AMIGOS DA PANDEIRETA Monforte de Lemos
AGRUPACIÓN FOLCLÓRICA LEMAVOS Monforte de Lemos

VERÁN CULTURAL

PASEOS EN BARCA POLO RÍO CABE

DURANTE OS MESES DE XUÑO, XULLO, AGOSTO E SETEMBRO PODERANSE ALUGAR BARCAS DE PASEO NO EMBARCADOIRO DO PARQUE DOS CONDES

BARCAS ENGANADAS

15 DE AGOSTO ÁS 22:30 H RECUPERACIÓN DAS BARCAS ENGANADAS E ILUMINADAS, TRADICIÓN DE MEDIADOS DO SÉCULO XX



ORGANIZA:

CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS E CLUB DE PIRAGÜISMO QUIXÓS



4 Ó 7/07 FESTIVAL DO VIÑO DA RIBEIRA SACRA DE MONFORTE DE LEMOS

PASEO DO MALECÓN
CONCERTOS: PRAZA DE ESPAÑA

ORGANIZA: CONCELLO MONFORTE DE LEMOS
COLABORA: DEPUTACIÓN DE LUGO

DO 18 Ó 21/07 **FESTIVAL 17º RIBEIRA SACRA**
SÁBADO 20 DE XULLO EXTERIOR DO PARADOR DE MONFORTE, 20:00 H

ORGANIZA: I-RADIA

COLABORA: CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS, DEPUTACIÓN DE LUGO, AGADIC XUNTA DE GALICIA, CONSORCIO DE TURISMO DA RIBEIRA SACRA



DO 25 Ó 28/07 **VI FANCINE DE LEMOS**
FESTIVAL DE CINE FANTÁSTICO E DE TERROR DE MONFORTE



ORGANIZA: AMANITA ESTUDIO

COLABORA: CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS

25/07 Ó 3/08 **TIROLINA, ROCÓDROMO E CIRCUÍTO DE OBSTÁCULOS**
PRAZA DA COMPAÑÍA

ORGANIZA: COMERCIAL URBANO DE MONFORTE
COLABORA: CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS



DO 3 AO 7/08 **21ª MOSTRA DE ARTESANÍA
ARTELE MOS**
RÚA DO CARDEAL

ORGANIZA: CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS



DO 5 AO 23/08 **EXPOSICIÓN DE CARTEIS DO XXIII
CONCURSO DE DESEÑO DE CARTEIS FESTAS PATRONAIS -2019**
SALA DE EXPOSICIÓN DA CASA DA CULTURA POETA LOIS PEREIRO

ORGANIZA: CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS



XOVES 08/08 **GALA DE MAXIA -MAGO LAMAS + 4
MAGOS CULTURA NO CAMIÑO 2019**
PRAZA DE ESPAÑA ÁS 22:30 H

ORGANIZA E PATROCINA: CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS E
AGADIC DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN
UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA

VENRES 09/08 **FESTIVAL CARUDE ROCK**
PRAZA DE CARUDE ÁS 20:30 H

ORGANIZA: FESTIVAL CARUDE ROCK
COLABORA: CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS

VENRES 09/08 **CONCERTO DE SWING SENTIDO**
CULTURA NO CAMIÑO 2019
PRAZA DE ESPAÑA ÁS 22:30 H

ORGANIZA E PATROCINA: CONCELLO DE MONFORTE DE
LE MOS E AGADIC DA CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA
DE GALICIA



SÁBADO 10/08 **CONCERTO DO GRUPO
MONFORTINO DOC MAGOOS**
PRAZA DE ESPAÑA ÁS 23:00 H

ORGANIZA: CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS
COLABORA: DEPUTACIÓN DE LUGO



DO 11 AO 16/08 **FESTAS PATRONAIS**

ORGANIZA: CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS

DOMINGO 11/08 **CONCERTO DE
GARUFA BLUE DEVILS BIG BAND**
PRAZA DE ESPAÑA ÁS 23:00 H



ORGANIZA: CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS
COLABORA: DEPUTACIÓN DE LUGO



LUNS 12/08 **CONCERTO DO GRUPO OS PARENTES**
PRAZA DE ESPAÑA ÁS 23:00 H

ORGANIZA: CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS
COLABORA: DEPUTACIÓN DE LUGO

MARTES 13/08 **CONCERTO DA BANDA DE MÚSICA
CONCELLO DE MONFORTE**
PRAZA DE ESPAÑA ÁS 22:30 H




ORGANIZA: CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS



MÉRCORES 14/08 **CONCERTO DA
BANDA DE MÚSICA DE CHANTADA**
PRAZA DE ESPAÑA ÁS 22:30 H

ORGANIZA: CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS

17 E 18/08 **FEIRA DE OPORTUNIDADES
DE VERÁN DO CCU**
PRAZA DE ABASTOS -MERCADOS



ORGANIZA: CONCELLO DE MONFORTE E
CENTRO COMERCIAL URBANO DE MONFORTE



DOMINGO 18/08 **FESTA DA EMPANADA
FESTA GASTRONÓMICA POPULAR**
ÁREA DE RECREO DE RIBAS ALTAS

ORGANIZA: ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE RIBAS ALTAS
COLABORA: CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS

DOMINGO 18/08 **CONCERTO DE OS XOGRARES
DE LEMOS**
PRAZA DE ESPAÑA ÁS 22:30 H



ORGANIZA: CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS
COLABORA: DEPUTACIÓN DE LUGO

DO 19 Ó 23/08 **VII OBRADOIRO DE VERÁN DE MÚSICA E BAILE**
CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS

EDIFICIO MULTIUSOS

MÚSICA:

- PERCUSIÓN TRADICIONAL GALEGA
- PERCUSIÓN MODERNA
- GUITARRA -PIANO
- VIOLÍN -GAITA
- SAXOFÓN -CLARINETE
- TROMBÓN -TROMPA
- TROMPETA -TUBA
- FRAUTA -BOMBARDINO

MÚSICA E BAILE:

- MÚSICA E MOVEMENTO – DANZA MODERNA (NENOS E NENAS ENTRE 5 E 9 ANOS)

BAILE:

- DANZA MODERNA (A PARTIR DE 10 ANOS)
- DANZA TRADICIONAL GALEGA (TODAS AS IDADES)

ORGANIZA: CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS



VENRES 23/08 **CINE NA RÚA PROXECCIÓN DA PELÍCULA**
"CAMPEONES"

PRAZA DE ESPAÑA ÁS 22:30 H

ORGANIZA: CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS



SÁBADO 24/08 **CONCERTO DE DAVID PRADO E SR. JINGLES**
PRAZA DE ESPAÑA ÁS 22:30 H



ORGANIZA E PATROCINA:
CONCELLO DE MONFORTE
E DEPUTACIÓN DE LUGO



DOMINGO 25/08 **CONCERTO BANDA MÚSICA DE SOBER**



pola provincia de Lugo

MUSIQUEANDO POLA PROVINCIA DE LUGO
PRAZA DE ESPAÑA ÁS 22:30 H

ORGANIZA E PATROCINA: CONCELLO DE MONFORTE
E DEPUTACIÓN DE LUGO

DO 28 AO 31/08 **XXII FEIRA DO LIBRO DE MONFORTE**

RÚA DO CARDEAL

ORGANIZA: CONCELLO DE MONFORTE E FEDERACIÓN DE LIBREIROS DE GALICIA



MÉRCORES 28/08 **O CAMIÑO DAS ESTRELAS. AS ESTRELAS DO CAMIÑO /O TEU XACOBEO Concello de Monforte de Lemos**

Programa de divulgación científica astronómica.

Observación astronómica nocturna.

Praza da Compañía ás 22:00 h

ORGANIZA E PATROCINA: XUNTA DE GALICIA - XACOBEO 2021, UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, OBSERVATORIO ASTRONÓMICO RAMÓN GARCÍA ALLER E CONCELLO DE MONFORTE



SÁBADO 31/08 **XX FESTIVAL DE HABANERAS CONCELLO DE MONFORTE**



- CORAL CAPILLA DE LA TORRE –VILLAVICIOSA ASTURIAS

- CORAL POLIFÓNICA DE BUEU

- CORAL POLIFÓNICA DO CONCELLO DE MONFORTE

ACTUACIÓN NA PRAZA DE ESPAÑA ÁS 21:00 H

ORGANIZA: CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS

DOMINGO 01/09 **XX XORNADA EUROPEA DA CULTURA XUDÍA**

VISITAS GUIADAS Á ZONA DE ÁMBITO XUDEU DE MONFORTE

11:30 e 18:00 h –Saídas dende a Oficina Municipal Turismo/ rúa Comercio, 6

ORGANIZA E PATROCINA: CONCELLO MONFORTE DE LEMOS E RED DE JUDERÍAS DE ESPAÑA



DO 4 AO 27/09 **EXPOSICIÓN ITINERANTE “ESGRAFIADOS EN LA RIBEIRA SACRA” DE MAR LÓPEZ SOTELO**



SALA DE EXPOSICIÓN DA CASA DA CULTURA POETA LOIS PEREIRO

ORGANIZA: CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS

SÁBADO 07/09 **VIII FESTIVAL DO PARADISO**
PARQUE DOS CONDES DENDE AS 20:00 H

ORGANIZA:
ASOCIACIÓN NÁUFRAGOS DO PARADISO
COLABORA:
CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS



SÁBADO 14/09 **NOITE TEMÁTICA DE VERÁN**



NOITE TEMÁTICA DEDICADA Ó MUNDO DA MODA. APERTURA DE ESTABLECEMENTOS COMERCIAIS ASOCIADOS Ó CCU, CON GRANDES DESCONTOS, HORARIO ESPECIAL ATA A 1:30 H DO DOMINGO 15 DE SETEMBRO.

ORGANIZA: CENTRO COMERCIAL URBANO
COLABORA: CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS

SÁBADO 21/09 **FESTA DE SAN MATEO FESTA POPULAR – PARROQUIA DA PARTE**

ORGANIZA: COMISIÓN DE FESTAS DA PARROQUIA
COLABORA: CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS



COMPETIÇÕES DEPORTIVAS

CLUB-ENTIDADE	EVENTO	DATA	INSTALACIÓN - UBICACIÓN
Club Korbis - Club Fluvial	Campus de Volei Praia Club Korbis - Club Fluvial	1 - 31 de xullo	Club Fluvial de Monforte
Club de Pesca Río Cabe	VI Open Terra de Lemos	14 de xullo	Tramo de pesca sen morte do río Cabe
Club Quixós	5ª Competición Liga Galega Promoción <i>Slalom</i>	14 de xullo	Río Cabe - Parque do Condes
C.P. Calasancio - R.C. Deportivo	V Depor Campus - Monforte	15 - 19 de xullo	Instalacións Deportivas Alex Blanco
CCNorte - C.N. PortaMiñá	A Heroica Gran Premio Turismo Deputación de Lugo	27 de xullo	Embarcadoiro da Deputación Provincial de Lugo
Club de Tiro Olímpico Cabe	Torneo de Tiro Festas Patronais	3 - 4 de agosto	Galería de tiro As Lamas
Concello de Monforte - R.C. Celta de Vigo	XIII Campus de Fútbol Cidade de Monforte	5 - 9 de agosto	Campo Municipal Luis Bodegas
A.D. Río Cabe Golf	Torneo de Golf Concello de Monforte	9, 10 e 11 agosto	Club de Golf Río Cabe
C.P. Calasancio	Torneo de Fútbol Xuvenil Memorial Jacobo	10 de agosto	Campo Municipal da Pinguela
Club de Pesca Río Cabe	Concurso de Pesca Infantil e Xuvenil de Ciprinidos	11 de agosto	Embalse de Vilasouto
Club Tiro con Arco Arcolemos	Campionato Provincial de Percorridos de Caza con Arco	11 de agosto	As Lamas
A.D. A Gándara	III Milla Urbana Monforte de Lemos	11 de agosto	R/ Reboredo - Monforte
Club Lemos	Torneo de Fútbol Festas Patronais	15 de agosto	Campo Municipal da Pinguela
Club Korbis	Torneo de Volei Praia do Cadrado 2019	17 - 25 de agosto	Parque dos Condes
C.V. Ribeira Sacra Monforte	VI Campus de Voleibol Ribeira Sacra - Monforte	19 - 23 de agosto	Pavillón Municipal da Pinguela
C.P. Calasancio	Trofeo Fútbol Base Festas Patronais	24 - 25 de agosto	Instalacións Deportivas Alex Blanco
Club Tennis Cuatro Vientos	Torneo de Tennis Cidade de Monforte	24 agosto ó 1 setembro	Pistas de Tennis Municipais da Pinguela
Concello de Monforte - C.B. Val de Lemos	VIII Campus de Baloncesto Cidade de Monforte	26 - 30 de agosto	Pavillón Municipal da Pinguela
Club Ximnasia Rítmica Quicela	Campus de Ximnasia Rítmica	2 - 8 de setembro	Pavillón Municipal da Pinguela
Federación Galega de Ciclismo	Campionato Galego Fondo en Estrada 2019	7 setembro	Saída e meta na Praza da Compañía
C.P. Calasancio	Torneo Fútbol 8 Prebenxamin, Benxamin, <i>Alevín</i>	21 - 22 setembro	Instalacións Deportivas Alex Blanco

Cuatrocientos años de una intuición

Fco. Javier Agudo García Sch.P.
Gerente de la Fundación Colegio N^o S^a de la Antigua

Hoy el vecino, el peregrino o el turista pueden contemplar, en Monforte de Lemos, a orillas del río Cabe un singular edificio, conjunto monumental, denominado Colegio de N^o S^a de la Antigua. Este majestuoso edificio conserva la función docente para la que fue construido, siendo probablemente la segunda institución educativa de Galicia que permanece en su lugar de origen y prestando desde su creación el servicio educativo para el que fue construido. Ha prestado su actividad ininterrumpidamente, salvo en tiempos de guerra. Sólo le aventaja en antigüedad y estabilidad la Universidad de Santiago de Compostela. Es por tanto no sólo una joya arquitectónica para Monforte, sino, sobre todo, una joya cultural, para toda Galicia y del más alto nivel.



La existencia de este Colegio, se debe a una intuición del Cardenal Rodrigo de Castro, hombre culto, de noble cuna, persona influyente en la corte de Felipe II, reconocido mecenas, impulsor de la reforma surgida del Concilio de Trento, y empapado de las ideas nuevas que traía el renacimiento en toda Europa y especialmente en Roma. Entre estas ideas estaba la de elevar el nivel cultural del pueblo, que salía de una oscura edad media y se adentraba en una nueva etapa, en el futuro, no ya como siervos de los señores feudales de antaño sino en forma de una burguesía que reclamaba para sí un nuevo lugar en la sociedad de su tiempo. Era preciso formar, educar, elevar el nivel cultural. Para esto el Cardenal Rodrigo de Castro sueña con crear una institución en la tierra de su familia, en Monforte, en la capital del condado de Lemos, cuyo nombre surge de lo bien fortificado que estaba el monte en donde se asentaba el antiguo castillo y el palacio condal. Pero la reciedumbre de las murallas de este Monte-fuerte va a dejar paso a otra fortaleza más recia y más profunda que ya no va a ser un bastión amurallado sino un foco de cultura, sabiduría y formación dedicado al cuidado y educación de la juventud de Monforte.

Las mismas ideas que alentaron al Cardenal Rodrigo de Castro, las ideas renacentistas, harán surgir en el seno de la Iglesia varias instituciones religiosas dedicadas a la enseñanza y la educación. Una de ellas la Compañía de Jesús que se centró en los estudios superiores. Otra orden religiosa, cuyo fundador es contemporáneo al Cardenal Rodrigo de Castro, las Escuelas Pías, creada por San José de Calasanz en Roma, se centrará en la educación de los niños pequeños y jóvenes, principalmente pobres y se dedicará a lo que hoy en día reconocemos como educación primaria y secundaria. Estas

dos órdenes religiosas, empapadas de la vocación cultural renacentista, al servicio de la sociedad, complementarias entre sí, van a ser las que den continuidad en el tiempo a la intuición del Cardenal. Primero los jesuitas, a los que el mismo Cardenal pone al frente de la institución y responsabiliza de la construcción del colegio. Más tarde tras la expulsión de los jesuitas de España, y de un periodo bastante gris para el colegio, llegarán los PP. Escolapios que rematarán la obra del edificio y le devolverán renombre y esplendor, impulsando desde el monumental edificio, la función educativa y cultural para la que fue creado.

La construcción del Colegio de N^a S^a de la Antigua comenzó a finales del siglo XVI (1593) y no se rematará en su estado actual hasta el primer cuarto del siglo XX. De todo este largo periodo no conservamos memoria más de algunas pocas fechas. Entre ellas la del 4 de agosto de 1619, día en que es consagrada la monumental iglesia. Este año de 2019, celebramos el 4 de agosto los cuatro siglos de una magnífica pieza arquitectónica que ha estado ininterrumpidamente al servicio y cuidado de la fe de los colegiales y de los Monfortinos.

Las fiestas de la consagración de la Iglesia fueron grandes. Según nos consta por el trabajo realizado por D. Julio Alonso Asenjo que abordando el tema, hace toda una descripción de las fiestas de la consagración del templo:

“Desde la cercanía a los hechos de la inauguración de la iglesia y traslado de los restos mortales del fundador del colegio, un jesuita expresa su satisfacción por el feliz suceso y describe la explosión de lujo y júbilo oficial ante una muchedumbre variada y abigarrada, convocada a las fiestas desde dilatados territorios (sus extremos territoriales son Santiago, Orense y Lugo), que constituyen una excelente muestra de festejos de la época, con la acumulación de numerosas partes y elementos: ritual litúrgico de la consagración del templo, con acompañamiento de orquesta y coros; procesiones, luminarias, castillo e invenciones, con variedad de fuegos de artificio y de pólvora, danzas, representaciones teatrales, persecución a caballo y lucha, cañas, toros, túmulo para honras fúnebres, liturgia de una octava. Auténtica fiesta barroca, en cuyos actos y de muchos modos participa el señor feudal, en cabal consonancia con el clero secular y regular en el medio rural español del siglo XVII.”

A juicio de lo estudiado por Cotarelo Valledor, la intuición de fundar el Colegio de Monforte debió asaltarle al Cardenal Rodrigo de Castro en torno a 1585 ó 1586. En 1591 se inician los trámites en Galicia para proceder a la fundación oficial. En octubre de 1592 se hace escritura de las condiciones de construcción de la casa, escuela e iglesia del Colegio de Nuestra Señora de la Antigua. La autoría de las primeras trazas del edificio se atribuye a Vermundo Resta, un arquitecto milanés que en 1585 había sido nombrado maestro mayor de las obras del arzobispado de Sevilla, diócesis en la que ejercía su cargo el Cardenal Rodrigo de Castro.

Conocemos los detalles de las fiestas de la Consagración de la Iglesia por un manuscrito que ha venido a llamarse. Breve Relación que se custodia en la Biblioteca de Real Academia de la



Historia en Madrid, Colección Papeles Varios de Jesuitas, tomo 75. Se trata de dos hojas de papel, manuscritas, la primera de las hojas escrita por ambas caras y 11 líneas más en la segunda, escritas con letra de la época.

La Breve Relación relata así la consagración de la Iglesia:

“Al fin de julio, fue Nuestro Señor servido se acabase la iglesia que tanto tiempo ha, con tanto cuidado y costa, que se andaba fabricando, y salió tan perfecta y acabada en todo que para pintarse fuera menester relación particular y más larga que la de las fiestas que en su consagración hicieron. Baste decir ahora de ella en que su hermosura movió a los Señores Condes de Lemos [a] tomar a su cargo el hacerla consagrar, pidiéndoselo al Sr. D. Alonso López Gallo, obispo de Lugo. A lo cual su señoría salió de buena gana, así por habérselo pedido Su Excelencia como por ser cosa de la Compañía, a la cual en todo se muestra muy aficionado. Echaron la fiesta para cuatro de agosto. Corría la voz por todo el reino y, así, concurrió mucha y muy lucida gente de Santiago, de Orense y sus cotos, de Monterrey y su valle, de Lugo y todo su obispado. El señor obispo llegó dos días antes de la fiesta y trujo en su compañía muchos prebendados. Hízosele muy buen recibimiento y aposentose en nuestro colegio en una pieza que para este efecto estaba ricamente aderezada. Y lo mismo hicieron [con] todos los que venían con Su Señoría. Tratose luego de consagrar la iglesia y que se hiciese con la solemnidad posible; y, en orden a esto, se determinó que se repartiesen las fiestas en 4 días, porque no se malograsen. Hízose así y el primero fue domingo, 4 de agosto. Este día se comenzó la consagración a las 4 de la mañana. Estando todas las cosas aunque están muchas y muy menudas aparejadas y dispuestas, fueronse prosiguiendo las ceremonias y como a la meitad de ella vinieron los Condes, que deseaban mucho verlas. Acabose la consagración a las 12 del día, quedando bien cansados los que se hallaron a ella, y lo quedarán mucho más si la música de Santiago que para estas fiestas trujo este colegio, no aliviaran en gran parte el trabajo que traía consigo semejante obra. Acabada ésta, Su Señoría dijo misa de pontifical, esmerándose mucho los cantores en oficiala [“oficiarla”], ya coros con ministriles, ya con el órgano, que, además de ser unos y otros muy diestros, salía la música en esta iglesia sobremanera bien. Y con esto se dio fin a la mañana.”

La Fundación Colegio N^a S^a de la Antigua, en este siglo XXI quiere celebrar con todos los monfortinos esta fecha, haciendo memoria de lo que fue, sosteniendo lo que es y soñando con lo que será en un futuro nuestro colegio, al servicio de la juventud y la niñez monfortina y en ellos a todo Monforte. Causa de admiración, para propios y extraños; fuente de cultura, más allá de la propia actividad escolar; memoria viva que nos engrandece a todos y nos llena de orgullo porque sabemos bien que el Colegio del Cardenal es un poco patrimonio de todos, monfortinos, gallegos y españoles.

Bajo la titularidad de los PP. Escolapios y el impulso de la Fundación Colegio N^a S^a de la Antigua, junto con el equipo docente y todo el personal que trabaja en el Colegio, celebramos el aniversario convencidos y orgullosos de que la intuición del Cardenal Rodrigo de Castro tiene en nuestro centro la magia de haber hecho realidad en el siglo XXI los sueños de un hombre del renacimiento, el cardenal Rodrigo de Castro digno hijo de su tiempo.

Agora que estase a lembrar os tempos da invasión francesa, poida que sexa o momento de valorar o célebre Batallón Literario formado por estudantes universitarios, que pola súa orixinalidade resulta un desafío para a comprensión, visto con parámetros do mundo de hoxe.

O pouco tempo de constituírse a Xunta Suprema da Coruña formada por representantes das sete provincias galegas e proclamarse dun xeito oficial o levantamento contra os invasores, un grupo de estudantes manifestáronse en Santiago pedindo a creación dun Batallón de Universitarios, entón chamados Literarios, tal como se fixera noutras ocasións en que a patria corría perigo.

Convén lembrar que sempre se actuaba en nome do Rei pois, aínda tendo en conta a súa ausencia e o desgobierno existente en España, de onde raramente podían chegar ordes ou novas medianamente fiables.

A Universidade tiña unha longa tradición de Batallóns deste tipo, o primeiro xa se formara no século XVII para a defensa de Galicia pola fronteira portuguesa. No século XVIII creouse outro cando os ingleses atacaron as rías galegas, pero o mais importante, foi sen dúbida, o organizado o 30 de maio de 1808, ante a previsible invasión da nosa terra polo exército francés.

Debido á insistencia dos estudantes, reuniuse o claustro de profesores que finalmente rematou concedendo a súa autorización o día 2 de xuño. Unha vez tomada esta decisión cumpría pensar no oficial que debía ostentar o mando da nova forza militar e pensaron no Marqués de Santa Cruz de Ribadulla. Don Ignacio de Armada e Mondragón, dunha coñecida familia galega e militar de recoñecido prestixio.

Postos en contacto con coronel Armada que aceptou o ofrecemento, dispúxose a organizar o seu Batallón, con todo o preciso para o correcto funcionamento. Unha vez vistos os masivos alistamentos dos estudantes, probablemente influídos por unha visión poética da guerra, o Batallón quedaba composto por seis Compañías de 168 cadetes cada unha.

Entón o coronel Armada pasou esta proposta á Xunta, que a aceptou con agrado ó mesmo tempo que o ascenderon a Brigadier de Infantería, para darlle maior relevancia o corpo recentemente creado, bautizado oficialmente co nome de "Real Corpo Militar Literario da Universidade de Santiago".

Os que estudaban nos Seminarios ou nos Colexios como o de Monforte, Monterrei ou Fonseca solicitaron que lles fora permitido alistarse no novo batallón. Ante esta realidade a Universidade aceptounos co nome de "incorporados" figurando na súa ficha o colexio de procedencia.

Non debemos esquecer que os únicos que naqueles tempos podían enviar os seus fillos á Universidade eran os nobres, fidalgos ou burgueses adiñeirados. Os estudantes atopábanse en pleno curso, pero é ben certo que o entusiasmo dos mozos soubo conciliarse co seu propio interese académico, de tal xeito que o claustro de profesores acordou que os que se inscribían habían validarlle os anos dedicados á milicia por cursos académicos nas súas respectivas carreiras.

Os fillos de nobres e fidalgos estaban dispostos a facer valer o seu recoñecido dereito a incorporarse ó exército coma oficiais. Por outra banda os fillos de burgueses non estaban dispostos a renunciar a obter o mesmo grao militar que os seu compañeiros de

estudos. Así xurde a primeira desavinza que elevan á Xunta que tras moitas deliberacións acorda equiparar a todos os estudantes co nome de "Cabaleiros cadetes" ordena que se deseñe un uniforme co emblema da Universidade, que debía ser custeado por eles mesmos.

Moitos deles nos tiñan previsto este gasto entón foi preciso acadar outro tipo de financiamento, os mesmos profesores ofreceron parte do seu salario e temos documentado que o Colexio de Monforte equipou pola súa conta ós seis alumnos que se incorporaron ó Batallón.

È o único caso na historia militar dun Batallón composto só por oficiais e ningún soldado.

Nun tempo mínimo fóronse resolvendo os atrancos que foran xurdindo ata que finalmente o día 11 de xullo de 1808 tivo lugar na catedral compostelá a bendición da bandeira. Elixiran para ela o lema "Lexión de Minerva para a liberdade do Rei" xa que esta é a deusa da guerra, a sabedoría e as artes. Ó rematar a cerimonia dirixíronse en maxestoso cortexo a praza da Quintana onde os oficiais e cadetes prestaron xuramento á bandeira bicándoa con gran respecto. A este acto solemne asistiron as máximas autoridades civís, militares, académicas e eclesíásticas a máis do pobo de Santiago.

Todo era entusiasmo e ledicia, os escolásticos estreaban os seus preciosos uniformes, os franceses aínda non chegaran a Galicia e a loita intuíase demasiado lonxe para pensar nela.

Comezaba unha nova vida para todos eles. Moitos caerían na fronte de batalla, mais saberían loitar e morrer, levando a bandeira da súa Universidade por toda España e deica a mesma fronteira francesa. Despois da expulsión dos invasores de Galicia o Batallón Literario non se dissolve, como xa quedaban poucos estudantes, debido as naturais baixas e mesmo porque moitos deles pasaron a dirixir diferentes "Alarmas" na súa terra, cambia o nome por "Infantería Lixeira de Voluntarios de Santiago.

Descoñécese o motivo polo que a bandeira do Batallón Compostelán recalou na Universidade de Barcelona tras a expulsión dos galos. Precisáronse moitas xestións para recuperala ata que chegou a Compostela o 3 de xuño de 1821.

O día 8 de novembro do mesmo ano organízase unha procesión co arcebispo ó fronte, seguido das autoridades civís e militares representativas das sete provincias galegas, acompañadas do pobo de Santiago, para levar a divisa universitaria deica a catedral, e no seu museo quedou depositada, despois de percorrer con gloria media España.

Arquivo da Universidade de Santiago. Cartapacio 341.

O deporte prestixia a Monforte Luís Conde Carnero / La Voz de Galicia –Monforte

Falar do deporte en Monforte é facelo dun dos seus mellores embaixadores. Cada ano incrementábase o número de nenos e adultos que se incorporan á actividade deportiva, e fano motivados pola ampla oferta que existe e polas óptimas instalacións das que dispón o Concello. «Deporte é saúde», «Deporte é calidade de vida». Estas son as frases que pronuncian unha e outra vez técnicos, directivos e políticos. Pero deporte tamén significa competir, e a verdade é que todos podemos sentirnos satisfeitos e orgullosos dos éxitos dos nosos deportistas, que tanto en competicións autonómicas, como nacionais e internacionais suman títulos e medallas de maneira regular. Non hai ningunha modalidade que non teña representación na nosa cidade.

No apartado futbolístico asistimos á resurrección do Club Lemos, que despois de estar ao borde da desaparición hai dúas temporadas, agora xa volve ser equipo da Preferente. Despois dunha magnífica temporada, na que os discípulos de Edu Rodríguez, tan só cederon tres derrotas, un



histórico do fútbol galego renace das súas cinsas. Ademais do labor do técnico e dos futbolistas, hai que resaltar e poñer en valor o traballo da xunta directiva que encabeza Óscar López, un presidente que trouxo aires de cambio a unha institución que se achega ao seu centenario. Aínda que agora o obxectivo será a permanencia, a posibilidade de que máis cedo que tarde o equipo volva a Terceira é real. Non se esquezan destas verbas.



No fútbol base, Monforte pode presumir de contar con dous dos clubs que mellor traballan a canteira. Entre Calasancio e CF Monforte suman máis de catrocentos futbolistas. A formación é a súa meta, pero non descoidan a competición. É verdade que o Calasancio non asinou a súa mellor temporada, xa que os infantís e os xuvenís descendieron, mentres que os cadetes non ascenderon, pero todo vai unido as fornadas de xogadores, e neste intre haberá



que esperar aos que veñen de abaixo. Iso si, grazas ao club estudantil, o fútbol feminino terá de novo protagonismo, xa que sairá a competir un equipo de base co nome de Monteforte, que estará apadriñado polo Calasancio. O CF Monforte deu un paso adiante importante e xa pode competir de ti a ti cos mellores. A chegada do club monfortino ás ligas galegas está moi preto.



No apartado futbolístico merece unha mención especial o equipo de veteranos de Monforte, que fin de semana tras fin de semana outorga a posibilidade de que os talentosos futbolistas que marcaron época no fútbol comarcal continúen amosando o


repertorio que aínda conservan



Monforte é dende hai moitos ánimos o berce do voleibol galego. Aínda estrañamos aquelas tardes dos sábados nas que acudiamos ao pavillón da Pinguela para gozar dos partidos do Ribeira Sacra na elite. Que recordos! Pero por que non pensar en que aquela historia se pode repetir? É certo que o feito de que Monforte non sexa cidade universitaria nos limita, pero temos que soñar. E podemos permitilo, porque dous son os clubs que están traballando arreo para que os rapaces e as rapazas xoguen ao volei. O Ribeira Sacra e o Korbis son os abandeirados deste deporte na comarca, e perfectos embaixadores no resto de España. Mobilizan entre as dúas entidades máis de 200 deportistas, e este ano os seus equipos cadetes disputaron a fase final do campionato de España, na que deron a talla e na que adquiriron experiencia, demostrando que aquí hai nivel.



Claro que cando un fala de competicións internacionais ten que botar a vista cara o taekwondo, un deporte que comezou a emerxer en Monforte hai case dúas décadas, e que hoxe copa a maioría dos triunfos para a cidade. Os auténticos protagonistas son os deportistas do Ximnasio Neka, que non soamente competiron a nivel nacional, senón que foron a un Europeo e a un mundial. Este disputouse en Taipei, e nel tamén estivo outra nova promesa local, Alejandro Fernández. Ao fronte do proxecto do Neka está José María Vega, que ademais é seleccionador galego.



Pasamos da terra á auga, e aquí se hai un especialista, ese é o club Quixós, que segue sumando medallas nos campionatos galegos e nacionais. Este magnífico coro de piragüistas está moi ben dirixido por Santi Díaz, que este ano recibiu un merecido recoñecemento na Gala do Deporte de Monforte. Precisamente da canteira do Quixós naceron Manuel Freire e Marcos González, que actualmente defenden as cores do Fluvial do Barco. Son asiduos nos campionatos de España, e Freire xa ten unha ampla experiencia nos mundiais, aos que acode cada ano.



No ámbito colectivo hai que destacar o gran labor que tamén fan o CB Val de Lemos, no que se criou Carmen Suárez, que é un referente do baloncesto español en categorías inferiores; o CN Monforte e A Gándara, entre outros. Tampouco nos podemos esquecer do fútbol sala, modalidade na que triunfa Clara



Fernández. Esta rapaza compite no Cidade das Burgas, e o seu concurso foi clave para conseguir o ascenso á elite do fútbol sala nacional. Ademais, conta con varios campionatos de España. ¡Olló!. É sería candidata a competir algún día na Selección Española Absoluta de fútbol sala.

Non podemos esquecernos dunha deportista que tanto deu o deporte da Ribeira Sacra. Ela é Noelia Sánchez, que cumprirá a súa última temporada en activo. Xa son máis de dúas décadas na elite, e cun palmarés envexable. A última campaña xogará no Averca Menorca, equipo co que quere conquistar un título. Sería un merecido premio a unha carreira, na que superou con solvencia as cen internacionalidades con España.



O repaso ao deporte monfortino ten que facer un alto no camiño e poñerse firme ante toda unha institución: Saleta Fernández. Esta nosa atleta deunos moitos días de gloria e o que vén será espectacular. A súa participación nuns Xogos Olímpicos está preto. A pesar das lesións que a castigaron moito este ano, Fernández estivo a un bo nivel. No verán apenas descansa e segue competindo, pero xa se prepara para a vindeira temporada, na que ten depositadas moitas esperanzas. Estará en Monforte nas festas, e seguro que aproveitará para adestrar nas pistas da Pinguela, que levan o seu nome dende o ano pasado.

No atletismo tamén ten moito que dicir Jairo Salgueiro. O noso campión de España xa se prepara para o maior reto da súa carreira deportiva: o campionato do mundo que disputará en Suíza entre os días 1 e 4 de agosto. Quere facer historia e loitará por acadar algunha medalla.



Como poden ver, o deporte é unha das fortalezas de Monforte, e a cidade e as institucións esfórzanse ao máximo apoiando este loxisticamente e economicamente. O Concello de Monforte destinou no último orzamento, no do 2018, un total de 432.226,61 euros, o que supuxo un incremento importante. Ademais de entregar axudas aos clubs e por primeira vez bolsas aos deportistas individuais, pon a disposición de deportistas e cidadáns unhas instalacións de primeiro nivel, tanto as da Pinguela como as do Luís Bodegas.

O recoñecemento tamén se fai coa celebración da Gala do Deporte, que este ano premiou como mellores deportistas do ano a Jairo Salgueiro e a Sonsoles Martín. Esta última é unha auténtica xoia do atletismo galego. A vindeira temporada competirá co equipo da Universidade de Memphis na liga universitaria de Estados Unidos. Esta cita permite que moitos deportistas que durante o ano non se ven confraternicen e intercambien impresións sobre as súas respectivas traxectorias.



Para rematar este cativo repaso ao ano, toca facer mención a un evento, que xa é un referente en Galicia e no resto de España: a Carreira Popular. Esta proba supera o

milleiro de participantes, e este ano tivo como novidade que o circuito deulle protagonismo ao centro histórico. Claro que esta carreira non sería posible sen a coordinación do técnico municipal de Deportes, Óscar Rodríguez, que sen dúbida é o alma máter do Concello en materia deportiva.



Non quero esquecerme do mundo do motor. O noso piloto máis internacional, Eduard Iglesias, xa prepara o que será o seu debut no Dakar 2020. Será o primeiro monfortino en participar nesta carreira, a máis prestixiosa do mundo, que nesta ocasión se disputará en Arabia Saudí.

Estaríamos escribindo tomos e tomos, e simplemente dun ano, pero isto non toca hoxe. Tratei de refrescarlles a memoria e de presentarlles o potencial e o talento que teñen os nosos deportistas e os clubs, que se traduce en títulos, campionatos e copas. É verdade que a nosa cidade se coñece pola súa historia e polo seu patrimonio natural e artístico, pero Monforte tamén se coñece polo deporte. Queridos deportistas gozade destas magníficas festas e continuade traballando nesa liña, porque os vosos éxitos tamén son os éxitos dos monfortinos.

BOAS FESTAS A TODOS

Alcaldes esquecidos, dignos de lembranza

Felipe Aira Pardo

A memoria soe ser fráxil en practicamente todos os terreos. Hoxe lembramos algunhas persoas que, polas súas xestións á fronte da alcaldía monfortina merecen, cando menos, un recordo do pobo monfortino.

D. DEMETRIO FERNÁNDEZ FRANJO,
(Ano 1895 – 1899).
Desde maio 1895 ata xullo 1899.



Demetrio Fernández Franjo,
Alcalde de Monforte de Lemos

Chegada da luz eléctrica e iluminación pública.

Durante os mandatos dos Alcaldes **VENTURA NOVOA SEOANE**, (xullo 1891- xaneiro 1894) e **AGUSTIN VALCARCE VALCARCE** (xaneiro a maio de 1895), **BALDOMERO RODRÍGUEZ MARTIN** comeza a realizar xestións en pro de alcanzar a ver funcionando a primeira instalación eléctrica de Monforte de Lemos.

O expediente 88, años 1894.-1895. Concello de Monforte.

"(...) Expediente instruído sobre concesión de licencia a d. Baldomero Rodríguez Martín de esta vecindad para clavar postes en las carreteras provinciales de Bóveda a Monforte y ramal de Vilanova a fin de tender los cables del alumbrado eléctrico que ha de instalarse por una Sociedad de esta población.

Sr. Alcalde Constitucional del Excmo. Ayuntamiento de Monforte (...)"

Foi durante o mandato de **DEMETRIO FERNÁNDEZ FRANJO**, no ano 1896, cando as primeiras instalacións de luz eléctrica chegan aos fogares monfortinos.

En data 8 de xullo de 1896 inaugúrase a iluminación pública eléctrica de Monforte de Lemos. Con este motivo celebráronse actos que tiveron grande solemnidade.

DEMETRIO FERNÁNDEZ FRANJO, xunto con **BALDOMERO RODRÍGUEZ MARTIN** e **Manuel Yáñez González**, -da insigne familia dos Yáñez Ribadeneira, fundadores do Pazo de Antero. Autor de *"Memoria crítica de las tradiciones y monumentos de Monforte"*, obra premiada no certame literario celebrado en Lugo, ano 1891- foron os pioneiros na instalación dunha banca exitosa na poboación, relevante no seu momento, antes de que comezaran a abrir en Monforte de Lemos, de modo numeroso, a Banca nacional e sucursais dalgunhas entidades bancarias que aínda hoxe manteñen abertas oficinas na localidade.

ALCALDES DO SÉCULO XX, DIGNOS DE MENCIÓN E COMPLETAMENTE ESQUECIDOS

Compartimos datos de tres alcaldes

EMILIO MAZAIRA BELTRÁN, xullo de 1899 a setembro de 1904.

EVARISTO RODRIGUEZ RODRIGUEZ, abril de 1910 a xaneiro de 1918.

ANTONIO DACAL RODRIGUEZ, marzo de 1924 a febreiro de 1930.

E unha mención especial ao Alcalde **LUIS REY MARIÑO**, febreiro de 1949 a febreiro de 1959.



Luis Rey Mariño,
Alcalde de Monforte de Lemos

No seu mandato chega, por fin, o ansiado e tan necesario servizo público como era a chegada da auga da traída ás primeiras casas da poboación.

Obras para a construción do Depósito de Augas. Ano 1940. "Monforte en Imaxes. Un século de Historia (1863-1963)"



Foron varios os alcaldes anteriores que loitaron por ver materializado tan inestimable e insubstituíble servizo básico, e por uns ou outros motivos, non chegou este ata o ano 1953. O abastecemento de auga coa rede de sumidoiros, tan anhelado desde comezos do século XX. En agosto de 1901 constituírase en Monforte unha sociedade para a traída de augas, baixo a denominación de "La Monfortina del Cabe".

No ano 1923, cando a Compañía de Obras Públicas de San Sebastián aceptando as bases que propoñía o Concello para a traída de augas do Marroxo a esta poboación e constitución da Sociedade "Aguas potables de Monforte de Lemos".

As xestións realizadas durante os anos da II República foron notables, apoiadas nos intensos esforzos dos mandatarios locais e a empatía de persoas relevantes, como o Subsecretario de Obras públicas, deputado a Cortes por esta provincia, o Enxeñeiro **MANUEL BECERRA FERNÁNDEZ**, que no ano 1935, consegue diñeiro para as obras preliminares da traída de auga a esta Cidade.

JUAN TIZÓN HERREROS, fose como Alcalde Presidente, fose como Concelleiro, convértese no principal impulsor de tan importante proxecto, e para iso tivo varios contactos en Madrid, recollendo os datos do enxeñeiro Sr Fábregas, que era unha das persoas máis capacitadas de España en estudos de xeoloxía.

Inclinábanse pola captación de augas na parroquia de Bascós.

Afirman que "*(...) existe una zona de terreno abundantísimo en aguas freáticas y alumbradas convenientemente, pueden dar la cantidad de agua necesaria para el abastecimiento de la población, en el presente y en un futuro largo teniendo en cuenta su probable desarrollo. Que los terrenos donde se van a hacer el alumbramiento de las aguas están a una altura tal, que permiten conducirla por su pie a un nivel igual a la altura de Santo Domingo, lo que es una gran economía con respecto a los anteriores proyectos (...) que para la ejecución del alcantarillado y traída de augas de esta población, hay contratado un empréstito con el Banco de Crédito Local, por un total de 600.000 ptas., que sumadas a las aportaciones de los vecinos para la construcción del alcantarillado, puede ser cantidad suficiente para la ejecución total de la obra.*"



Juan Tizón Herreros,
Alcalde de Monforte de Lemos.

EMILIO MAZAIRA BELTRÁN, (Año 1899 – 1904)



D. Emilio Mazaira Beltrán, alcalde de Monforte de Lemos/ Ponte de Ferro levantada no ano 1904.

Desde xullo de 1899, ata setembro de 1904. Foi deputado Provincial. Avogado y Presidente da Comisión organizadora para erixir una estatua ao Sr. Teijeiro. Entre as xestións realizadas, destacar as seguintes:

A construción e posta en funcionamento da ponte de Ferro.



Co apoio do deputado a Cortes por este Distrito, **GUILLERMO J. DE OSMA**, levou a cabo diferentes melloras na poboación. Comentar que o deputado a Cortes por este Distrito, o mentado J. de Osma, ocupou dito cargo, nada mais e nada menos que trinta anos, desde o ano 1888 ata o ano 1918, que pasa ao Senado como Senador Vitalicio.

D. Guillermo J. de Osma y Scull, deputado a Cortes polo Distrito de Monforte de Lemos, desde o ano 1888 ata o ano 1918.

A praza de abastos para carnes e peixes

As Carnicerías da vila, así como os postos dos “tablajeros”, durante a Idade Media encontrábanse nas inmediacións da porta de vila hoxe coñecida como “da Alcazaba”. Nalgúns períodos había “*la Carnicería de Abajo*” e “*la Carnicería de Arriba*”, encontrándose a primeira, extra muros da vila, e a segunda, dentro de murallas.

O antigo edificio do concello desde a idade media queda baleiro na década dos anos vinte – trinta do século XIX. Durante un tempo, pasou a ser o lugar de traballo dos “tablajeros”, así decidido polo concello, é dicir, en matadoiro público.

Nos anos inmediatos á demolición da milenaria igrexa románica e parroquial de Santa María da Régoa, é dicir, -o ano 1840-, instaláronse uns alpendres nos que se expedía e vendía carne fresca. Debido aos prexuízos que ocasionaba todo iso, o concello ordenou o seu peche e traslado ao Campo da Virxe.

En acordo plenario do ano 1856:

"Reconocidos prácticamente los inconvenientes y perjuicios que ofrece la expedición de carnes muertas en el alpendre de la Plaza pública de la Regoa, acuerdan se haga saber a los que se dedican a este tráfico que desde esta fecha queda prohibida la venta de dicho artículo en cualquier punto que no sea en el establecimiento del Campo de la Virgen (...)"

A Praza de Abastos para carnes e peixes, inmediata á ponte de pedra, constrúese en tempos do Alcalde D. Emilio Mazaira, con pedra do río Cabe, custando 5.000 pesetas, sendo contratista D. Manuel Fernández Moreiras. Os tablajeros anteriormente estaban no Campo da Virxe e na rúa Falagueira atopábanse as casas de Pescaderías estando o matadoiro, no antigo edificio do concello. Esta praza de abastos ou do mercado inaugurouse en febreiro de 1901.

"(...) oficio del contratista de las obras de construcción de la plaza cubierta de abastos de esta ciudad para la expedición de carnes y pescados, de fecha 29 del actual dando por terminadas las casetas construidas al efecto (...)toma la palabra el Sr. Pontón como Presidente de la Comisión (...) puede recibirlas la Corporación al objeto de que se instalen en las casetas los expendedores de carnes y pescados, salvo ligeras modificaciones que deben hacerse, cuales son: las de poner puertas a las de los tablajeros, construir un retrete al lado de la plaza y colocar una alambrada o rejado de alambre alrededor de la verja para evitar que en los meses de calor entren moscas. La Corporación en vista de lo manifestado por la Comisión acepto en principio y tomo en consideración lo propuesto por esta dando por recibida la plaza y aplazando resolver en cuanto a la reclamación de aumento de obra fuera de contrata hecha por el concesionario y lo mismo respecto de las modificaciones propuestas por aquella y acordando que mañana se inaugurará la plaza (...)"



A praza de abastos de carnes e peixes, inmediata á ponte de pedra e no Cantón de Bailén. Na imaxe pode verse un carro con mercadería para a venda e a supervisión dun encargado municipal. Non existían as escaleiras que se realizan dende o Cantón aos postos, ano 1902.



Sinalizada a casa do antigo concello, posteriormente destinada a matadoiro público.

Escolas públicas

En decembro do ano 1900 infórmase de que, segundo o censo do ano 1900: "... toda vez que con arreglo al censo de población de 1900 ésta de Monforte deducidos los arrabales consta de más de 4.000 habitantes de hecho correspondiéndole por tanto una escuela elemental completa de niños y otra de niñas por cada dos mil habitantes... Acordó que en vez de un edificio doble se construya dos para las casas escuelas públicas, dos de niños y dos de niñas, situándolos uno en la calle del Cardenal esquina a la Avenida de Osma y el otro al norte de la población en el barrio nuevo de la Estación, calle del Progreso esquina a la de Doctor Casares..."

Traída de augas á poboación

En agosto de 1901 **constituírase en Monforte unha sociedade para a traída de augas**, baixo a denominación de *“La Monfortina del Cabe.”*

Estrada de Monforte a Lalín (orixe da actual Avenida de Galicia)

No ano 1901 adxudicase a **contrata das obras do primeiro tramo da primeira sección da estrada de Monforte a Lalín** por valor de 107.590 ptas. As obras serían realizadas por José Suárez, de Pontevedra.

Incumprimento da “Sociedad Electricista de Monforte”.

En Sesión Ordinaria, de data 18 de novembro de 1902 infórmase das diferenzas entre a *“Sociedad Electricista de Monforte”* e o concello. Dita empresa tiña firmado contrato ante notario, data 26 de novembro de 1895, co concello para o servizo da iluminación pública da cidade. Acordouse en dita sesión que a proposta da Compañía de rescindir o contrato fose aceptada. Así pois, a mencionada Eléctrica, tiña que devolver os farois de petróleo que lle foran entregados en data 22 de novembro de 1901, e facer desaparecer os postes, escuadras, transformadores e cables da vía pública, nun prazo de oito días a partir do seguinte á suspensión do servizo. En xaneiro de 1903 suspendíase dito servizo eléctrico. Volvíase aos farois de petróleo por un tempo e incluso se adquirían en Barcelona trinta deles.

Arranxo da Praza do Cantón de Bailén

En xaneiro de 1902 o concello aprobaba a reparación do pavimento da praza do Cantón e a construción dunhas escaleiras de pedra para baixar á do Mesón.

“A propuesta del Sr. Somoza acordó la Corporación proceder a retirar los pretilos de piedra del puente del Arrabal, en la plazuela del Mesón para su ensanche hasta el Cantón de Bailén, y arreglar de paso el pavimento de toda ella, cuya obra es de escasa importancia (...)”



Praza do Cantón (de Bailén), unha vez arranxada polo alcalde Mazaira Beltrán

Abrir a rúa Hortas en todo o seu traxecto:

En xullo de 1902 en sesión plenaria: *“Se leyó y fue aprobado el dictamen de la Comisión de policía urbana y obras de este Municipio referente al trazado de la nueva calle que partiendo del Cantón de Bailén, enlace con la carretera de Monforte a Lalín por Chantada (...)”*

Arranxo da subida a San Vicente del Pino:

En 1902 arránxase o camiño que sobe a San Vicente do Pino polo Campo da Virxe, pois, *“(...) el mencionado camino es de mucho tránsito para el Santuario de la Virgen de Monserrat, para el Hospital y Beneficencia.”*

Creación e inauguración do novo cemiterio público da Gándara.

Foi informada a corporación do oficio do Excmo. e Ilmo. Sr. Bispo da Diocese de data 22 do actual -decembro de 1902- sinalando o día 30 do actual para a bendición do novo cemiterio municipal que se propón facer persoalmente.

Demolição da casa destinada a matadouro, e durante séculos, sede do Concello, sito na rúa Falagueira.

O antigo concello funcionou, temporalmente, como centro de estudo, con motivo de la solicitude realizada o 25 de febreiro de 1821, por frei Benito Villán, (frei Benito era monxe en San Vicente del Pino, véndose afectado pola Desamortización), para dar a instrución de primeiras letras á xuventude de Monforte, que así o considerara. Solicitaba a parte superior do inmovible, naquel momento, baleira. Os monxes beneditinos que durante un período ocuparan parte do inmovible e destinado a centro de ensino, abandonarano uns anos despois.

Desde o ano 1868 aproveitábase o inmovible para matadouro público; *“que por su estado y situación reúne algunas de las circunstancias más indispensables...”*.

“La Casa vieja que fue Casa Consistorial hace porción de años y que hoy por su estado ruinoso solo está dedicada a matadero por la cual se paga de renta dieciséis pesetas con cincuenta céntimos, anuales a los herederos de D. Antonio Magin Pla.”

A *“Casa Vieja del Ayuntamiento”*, año 1879:

“También acordó la Corporación que todos los tablajeros que deguellen las reses para as expendedurías en sus casos lo verifiquen a lo adelante en la casa vieja del ayuntamiento, sita en la calle de la Cruz,, de esta población a fin de evitar perjuicios a la salubridad pública.....y que los expendedores de carne lo efectúen en la carnicería pública de la calle de las Pescaderías”

No ano 1884:

“(..) En virtud de varias quejas producidas por algunos vecinos de la calle Falagueira del barrio de S. Vicente del Pino para que se coloque un farol o reverbero en la casa llamada del Ayuntamiento Viejo, por la oscuridad que reina en aquel paraje(..)”.

No ano 1890 volve quedar baleiro. Indícase na documentación que as súas instalacións non eran as adecuadas para este cometido.

No se lle volve dar destino ningún, e por iso, comeza un languidecer progresivo e definitivo.

No ano 1903 acórdase derrubar o matadouro vello para utilizar os materiais de pedra e madeira que se atopan en bo estado no novo e arrendar un local onde provisionalmente sexan sacrificadas as reses.

A demolição do inmovible non se fixo ata o ano 1931. En sesión plenaria, o Director de Obras Municipais, tras denuncia do xefe da Garda Municipal, procede ao derrubamento do teito da antiga casa - matadouro, afirmándose, que desde había xa bastantes anos, constituía un perigo, especialmente, para os nenos da zona que entraban a xogar no interior do ruinoso inmovible.

En expediente do ano 1932 indícase que, despois da súa demolição, véndense os materiais “sobrante” procedentes desta. Foron tres vigas de nove metros e outras tres vigas de oito metros.



Vista xeral de Monforte de Lemos, finais do século XIX.

Construción do matadoiro público.

En 1904 dábase conta da acta de poxa e remate da contrata das obras para a construción dun matadoiro público, celebrada o 10 de setembro último. A adjudicación provisional foi obxecto de debate en dita reunión.

Solicitude do abandonado palacio condal para cuartel militar.

O concello solicita, ao Duque de Alba, no ano 1904, a cesión ou arrendamento do vello palacio condal para poñelo en condicións de trasladar a el os establecementos de Beneficencia e Hospital, que se atopaban no que fora mosteiro de S. Vicente do Pino. Iso era necesario se se materializaba a solicitude que elevaran ao Ramo de Guerra, para instalar no edificio que fora mosteiro, dúas Compañías de Infantería.



Vista aérea do conxunto monumental de Monforte de Lemos.

Estas son algunhas das principais xestións do Alcalde Emilio Mazaira Beltrán, un extraordinario Alcalde hoxe totalmente descoñecido.

EVARISTO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, (Ano 1910-1918)

Foi alcalde de Monforte desde abril de 1910 ata xaneiro de 1918. Médico de profesión. Foi alumno de la "escuela" do Doutor Teijeiro e, segundo as crónicas da época, un extraordinario especialista no campo da xinecoloxía e a obstetricia. Persoa, ademais, de marcado carácter humanitario, véndose isto, por exemplo, no aprecio que lle dispensaba a poboación de Monforte de Lemos. Cando faleceu, ao seu enterro asistiron tal número de persoas que, seguindo as crónicas da época, afirmase que cando o féretro dobraba a esquina da rúa Cardeal para tomar a actual Avda. de Galicia, dirección ao cemiterio, a ringleira do acompañamento non se movera aínda da actual Praza de España, onde tiña a súa casa.



D. Evaristo Rodríguez Rodríguez, alcalde de Monforte de Lemos.

Durante moitos anos foi o médico dos alumnos internos e profesores do colexio do Cardeal.

Durante o seu mandato de oito anos, todo un récord de duración para aqueles tempos, leváronse a cabo importantes obras de melloras; progreso e avance, e especialmente, moi importante a creación de centros de ensino na poboación.

Entre as súas xestións cómpre destacar que consegue o



Edificio levantado durante o seu mandato, destinado a escolas públicas, hoxe Xulgado Municipal e Rexistro Civil.

Financiamento para levantar edificios dedicados ao ensino.

Hoxe albergan os Xulgados e Rexistro Civil, por un deles e a Escola de Idiomas o outro.

Instalación da central telefónica.

No ano 1912 instalábase a central telefónica na rúa do Cardeal.

Chegada das relixiosas da Divina Pastora ao antigo e abandonado convento de Santo Domingo para establecer un colexio de nenas

Outra importante xestión foi coas monxas da Divina Pastora, (orde calasancia), para que se fixesen cargo do edificio inmediato á igrexa parroquial da Régoa; igrexa agora parroquial da Régoa e edificio anexo, foran ata a década dos anos vinte do século XIX, a sede do convento de Santo Domingo, tamén denominado, de San Xacinto, orde dominica. Afectado polas Desamortizacións, e despois de case un século de abandono forzoso por parte dos relixiosos, o antigo convento servirá para diferentes cometidos, ata que Evaristo Rodríguez realiza as xestións de destinalo a centro educativo.

Pódese ler en acta de sesión plenaria do ano 1915:

“Por el Señor Secretario se dio lectura a una Comunicación del Excmo. Sr. Gobernador Civil de la Provincia fecha 14 del corriente en la que se transcribe el acuerdo recaído en el expediente motivado por la solicitud de la Reverenda Madre Superiora General del Pio Instituto de Hijas de la Divina Pastora de Getafe sobre cesión del derruido exconvento de San Jacinto de esta Ciudad a la cual accede este Ayuntamiento en sesión de veintinueve de Noviembre último. En su vista y habiendo dicho el Sr. Gobernador, previo dictamen favorable de la Comisión provincial aprobado la referida cesión, el Sr. Alcalde expuso la necesidad de llevar a cumplido efecto el acuerdo reseñado, otorgado a favor de la representación de dicho Pio Instituto la correspondiente escritura.”

Acordo coa Compañía Peninsular de Teléfonos.

No ano 1915 infórmase que a Compañía Peninsular de Teléfonos ten a concesión e explotación do centro telefónico urbano de Monforte e pide ao Concello facilidades para a instalación debida na Cidade deste servizo.

Talleres de carga y descarga...

Una zona próxima á estación ferroviaria, foi punto elixido no ano 1915, para a instalación de talleres de carga e descarga de proxectís e cartuchería, almacéns para estes, e polvoríns. A proximidade coa estación ferroviaria y, ao mesmo tempo, a distancia prudencial con centro urbano, eran fundamentais para iso.

D. ANTONIO DACAL RODRÍGUEZ, (Año 1924 – 1930),

Alcalde desde marzo de 1924 ata febreiro de 1930.

O Alcalde Sr. Antonio Dacal e o Secretario, Sr. Gayoso Lois, viaxan en novembro de 1925 a Madrid, viaxe do que informan á Corporación, afirmando que tiña como obxecto, xestionar do Banco de Crédito local, a cantidade necesaria para a construción dunha praza de Abastos, un Campo de Feira e o abastecemento de augas coa rede de sumidoiros.

O Sr. Dacal formou parte como vocal no año 1926 da Junta Asesora Provincial de Unión Patriótica.

Xestionou para a Cidade, entre outras.



D. Antonio Dacal Rodríguez, alcalde de Monforte de Lemos.

Construción da nova praza de Abastos (rematada, totalmente na década dos trinta).

Construción del edificio escolar San Antonio (hoxe Casa do Concello);

Cárcere do Partido Xudicial situado na Pinguela. Ano 1928.

Por certo, para levantar este cárcere, acordouse por unanimidade, solicitar do Excmo. Sr. Ministro de Facenda a devolución a este Concello dos terreos que el mesmo cedera ao Ramo de Guerra e sitios no agro de S. Lázaro desta cidade; cedidos para a construción dun cuartel, e cuxa devolución se solicita co fin de destinar estes para un cárcere de Partido."

Dado que o cuartel non se instalou na poboación, o Sr. Dacal, esixe a súa devolución. Indicar, así mesmo, que Dacal expropiou terreos para realizar una rampla de acceso na Estrada de Lalín (Avda. Guillermo de Osma) hoxe Avda. de Galicia, para seguir mellorando esta importante arteria monfortina, que comezaba a tomar corpo, coa construción da ponte de ferro, no ano 1904.

Intentou establecer un aeródromo militar na localidade, incluso tras conversas co ramo de Guerra, o concello chegou a realizar escritura de cesión a este do Campo do Reboredo, para destinalo a base de aviación, outorgada ante o Notario desta cidade, D. Ramón Jaus Esteve, en xaneiro de 1928. Levaría o nome de aeródromo "Comandate Loriga". Non se chegou a materializar e este volveu ser plena propiedade municipal.

No ano 1926 un acto vandálico tivo lugar na nosa cidade. Uns rapaces botaron ás augas do río Cabe, unha grande cantidade de cloruro que levou consigo o envelenamento e morte de grande cantidade de peixes. A zona afectada, segundo as crónicas daquela data, alcanzaron os cinco quilómetros. Ademais, afirmase que o lugar onde se realizou tan macabro delito foi o punto denominado "Molino del Cubano"

Paseo do Malecón inaugurado no ano 1929, (rematado totalmente na década dos trinta).

Colaborou na construción da primeira igrexa parroquial de Nosa Señora do Carme, barrio da Estación.

A igrexa parroquial de Nosa Señora do Carme, popularmente, Da Estación, centro parroquial desde el año 1926 e atendido nun comezo polos monxes beneditinos.



Primeira igrexa parroquial da Estación.

Xestións Pro Aeródromo de Monforte de Lemos

Vimos documentos sobre o aeródromo militar que se ía instalar no Reboredo. No A.M.M., -carpeta nº 39, año 1926-, existe un documento do Director do Ramo de Preparación de Campaña, Ministerio de Guerra, dirixido á Gobernación, de data 26 de outubro de 1926, no que se transmiten as grazas dadas por El- Rei a concello polo ofrecemento de terreos no Campo do Reboredo e establecemento dun aeródromo militar. Engade, que o ofrecemento será tido en conta no Plan General de organización aérea del Oeste y Noroeste de España.

En febreiro de 1927: "*Campo de Aviación. Fueron enterados los concurrentes de las gestiones hechas al objeto de que se instale en el Campo de Reboredo una base de aviación militar, así como de la última visita que hicieron los señores D. Francisco Riera y D. Vicente Barrón, para ver las condiciones que reunía para campo de Aviación y de las buenas impresiones que han sacado los referidos señores, teniendo en cuenta el gran beneficio que tal instalación reportaría al Comercio, industria y en general a toda la Ciudad de Monforte, se acuerda ceder dicho Campo de Reboredo al Ramo de Guerra, siempre que el mismo sea dedicado al objeto referido..*"

Outra comunicación, de xullo de 1927, dá conta do agradecemento dado ao concello por pensar en titular o aeródromo co nome de Comandante Joaquín Loriga. A carta de agradecemento é en nome da aviación militar española.

En agosto de 1927 recíbese carta dirixida polo pai de Loriga na que transmite o máis profundo agradecemento da Familia Loriga, polo interese demostrado con motivo das anteriores visitas do seu fillo á Cidade do Cabe, e hoxe ao legar o seu recordo á posteridade. O concello acordara ademais erixir un monumento ao comandante Loriga.

"... El Excmo. Sr. Capitán General de la Región en escrito del Negociado de fecha 13 del actual mes, dice: El Excmo. Señor Ministro de la Guerra en escrito de 28 de junio último, me dice: Excmo. Señor. En vista de la instancia del Ayuntamiento de Monforte de Lemos en la que se ofrece terrenos que rodean en su jurisdicción denominados Campo del Reboredo, para que pueda establecerse un aeródromo de aviación militar, el Rey se ha servido aceptar la oferta disponer que por conducto de V. se manifieste al expresado Ayuntamiento el agrado con que ha visto su generoso desprendimiento a favor del ejército..."

A escritura de cesión ao Ramo de Guerra do Campo do Reboredo para base de Aviación foi outorgada ante o Notario desta Cidade, D. Ramón Jaus Estévez, en data 27 de xaneiro de 1928. Comentan que o campo está en San Martiño de Piñeira. Tiña, aproximadamente, 72 hectáreas, una terceira parte estaba destinada a monte baixo de mala calidade e o resto un ermo, sen ser susceptible de ningún cultivo. Dita finca nunhas 4 hectáreas era do Concello *"sin título y por la posesión inmemorial"*, e as 68 restantes pertencían ao Estado.

Segundo a documentación estudada, o "pero" principal, especialmente na súa primeira etapa como alcalde foi o mal estado en el que se encontraban algunhas rúas. Decidíu dedicarlle o nome dunha rúa a Abelardo Baanante, la hoxe popularmente coñecida como

A Calexa, rúa na que nacera D. Abelardo. O Sr. Baanante, realizou un importante papel en Buenos Aires, onde tiña unha farmacia, atendendo aos galegos en xeral e en particular e especialmente, aos monfortinos que chegaban á capital da Arxentina.



D. Abelardo Baanante.
Foto de Arturo Ceide.

Dacal tivo la inxuedanza de propoñer á Corporación dedicarlle o nome dunha rúa ao ilustre monfortino Roberto Baamonde Robles. A esta conségueselle un magnífico pavimento nese momento; un dos mellores de todas as rúas de Monforte.

El Sr. Dacal foi durante a guerra civil Director do Hospital Militar establecido na poboación. Sogro do tamén médico D. Felipe Abella.

Pavimentación da actual rúa Rosalía de Castro

No ano 1927, proxecto de pavimentación da actual rúa Rosalía de Castro, naquela época, rúa da Ascensión.

No ano 1928 edifícase o cárcere da Pinguela, pertencente ao Partido Xudicial da poboación.



Cárcere do Partido Xudicial de Monforte de Lemos.
Na foto aparece xa en ruínas e na actualidade non se conserva.

Una donación bibliográfica con mucha historia

Ángel Arnaiz González
Periodista e historiador

Gracias a la generosidad de José Luis Martínez Montero, un conocido coleccionista monfortino, la capital de Lemos cuenta ya en la Casa de la Cultura con una sala de exposición dedicada a la Historia de Monforte. En este espacio se muestran 90 títulos de obras relacionadas con esta materia y los personajes que la protagonizaron, cedidos todos ellos por Montero para disfrute de los monfortinos y de aquellos que nos visiten, que estén interesados en el apasionante mundo del acontecer histórico.



Buena parte de ellos son publicaciones cuyas ediciones están agotadas desde hace años y conseguir ejemplares es casi una misión imposible. Son libros que Montero, un apasionado de la historia de las tierras de Lemos, ha ido atesorando durante años y por los que, en algunos casos, ha pagado un buen dinero. Este coleccionista "compulsivo", como lo definió en una entrevista de hace años el periodista y amigo Jorge Casanova, ha dejado de lado los intereses monetarios y ha legado, de manera desinteresada al patrimonio cultural de la ciudad, sus pequeñas joyas bibliográficas, un acto que le honra y que merece ser reconocido.

A ese material hay que sumar 16 títulos cedidos por Carlos Rodríguez Fernández, de la Delegación de Cultura del Ayuntamiento, 13 cedidos por Javier Rodríguez Casares, Operario de Servicios Múltiples de la Delegación Municipal Cultura y otros 36 más pertenecientes al fondo bibliográfico de la institución local que se suman a los entregados por Montero. Suman algo más de ciento cincuenta volúmenes en los que se condensa la dilata Historia, con mayúscula, de Monforte y de aquellos hombres que fueron sus grandes protagonistas, desde los abades del Monasterio de San Vicente del Pino a los ponderosos Condes de Lemos, autores de muchas y destacadas páginas de oro de la historia de España.



Ese pequeño universo bibliográfico condensa, en miles de páginas, el devenir monfortino durante siglos, desde su nacimiento hasta la actualidad. Ahora, gracias a José Luis Martínez Montero y al apoyo de la Concejalía de Cultura del Ayuntamiento de Monforte, estará abierto a los ojos de aquellos que tengan curiosidad por conocerlo. Creemos, sin duda alguna, que merece la pena una visita a este destacado escaparate bibliográfico. No debemos olvidar la ilustrativa frase atribuida a Napoleón Bonaparte que dice: "aquel que no conoce su historia está condenado a repetirla".

En esa nómina de libros, aunque todos tienen su importancia y su lugar en la muestra, además de los clásicos de Pita Andrade, Germán Vázquez, Manuel Hermida Balado, Luis Moure Mariño, Alfonso Pardo Manuel de Villena, Armando Cotarelo o Guillermo Lohmann Villena..., destacan algunos ejemplares que podrían calificarse de pequeños diamantes del patrimonio bibliográfico referido al acontecer histórico de Monforte.

En ese ranquin se encuentran *El Bicho Gallego*, escrito por Pedro Fernández de Castro, VII Conde de Lemos. Fue editado en Vigo en 1.951, con una tirada de 210 ejemplares, una decena sin numerar. Otro destacado es el *Tratado de Teología*, dedicado al IX Conde de Lemos, Francisco Fernández de Castro, salido de la pluma del religioso Francisco de Oviedo, editado en 1.646. Los *Hidalgos de Monforte*, de Benito Bicetto, editado en Sevilla en 1.851, es otra de las joyas que atesoró Montero.



Se suman a ellos *El Conde de Lemos*, protector de Cervantes, escrito por José María Asensio en el año 1.880. Los benedictinos de Monforte, obra de Antolín López Pelaez, publicado en A Coruña, en 1.895. Un original de Monforte, sus monumentos, leyendas y tradiciones, del abogado Vilariño de Barbeito, editado en 1.896 por la Imprenta El Eco de Lemos. Sermón que predicó el reverendo padre Bernardino González en las honras fúnebres del padre Fray José de Carabantes religioso capuchino, editado en 1.694, es otro de los volúmenes destacados en esa lista de piezas raras.

No falta en esa relación *La corona de fuego*, el secreto de una tumba, novela histórica escrita por Manuel Amor Meilán, en dos tomos, editada en 1.893. Sobre el mismo tema, también está *¡Lenda de horror!* *A mitra de ferro ardente*, salida de la mano de Galo Salinas, escrita en verso, que fue editada en A Coruña, en 1.894.

Son muchos más los ejemplares sobresalientes recopilados por José Luis Martínez Montero gracias a su afición, pero el espacio manda y obliga a resumir. Desde esta página del programa de las fiestas patronales de Monforte 2019 solo nos queda invitar y animar a los monfortinos y a todos aquellos que nos visitan a acudir a la Casa de la Cultura de la capital de Lemos a ver esta singular muestra bibliográfica, que ha sido posible gracias al altruismo del amigo Montero y a la Delegación de Cultura del Ayuntamiento que se volcó, sin escatimar medios, ante la propuesta de donación efectuada en su día por José Luis Martínez Montero.



Monforte de Lemos



- Hospital - Centros de Saude
- Xulgados
- Zona Verde - Parque
- Estación de Autobuses
- Casa do Concello
- Casa da Cultura - Biblioteca
- Información - Turismo
- Escolas - Institutos
- Piscina Municipal
- Instalacións Deportivas
- Campos de Fútbol
- Comisaría de Policía
- Correos

- Rúas
- Estradas
- Paseo Peatonal
- Vía do Tren



TELÉFONOS DE INTERESE

Concello de Monforte	982 402 501
Oficina Municipal de Turismo	982 105 303 - 982 404 715
Casa da Cultura	982 404 404
Edificio Multiusos	982 403 893
Policia Municipal	982 400 264 - 609 290 000
Servizos Sociais do Concello de Monforte	982 416 541
Área Polideportiva da Pinguela	982 403 150
Piscina Municipal	982 403 809
Centro de Información á Muller	982 416 350
Oficinas Municipais de Información ao Consumidor	982 875 126
Aqualia (Servizo Municipal de Augas)	982 400 009
Unidade Asistencial de Drogodependencias	982 400 495
Residencia da Terceira Idade	982 410 211
Urxencias	112
SOS Galicia	900 444 222
Hospital Comarcal	982 417 900
Urxencias médicas	061
Centro de Saúde	982 404 712 - 982 416 334
Ambulancias Salutrans	982 202 771
Unidade de Saúde Mental	982 404 611
Centro de Orientación Familiar	982 401 612
Servizo de información e asesoramento a mulleres vítimas de violencia de xénero	016
Teléfono da Muller 24 horas (permanente e gratuíto)	900 400 273
Instituto Nacional da Seguridade Social	982 411 300
Policia Nacional	982 402 245 - 091
Garda Civil	982 402 239
Garda Civil de Tráfico	982 402 017
Garda Civil EMUNE (Equipo da muller e do neno)	062
Xulgado de 1º Instancia e Instrución nº 1	982 889 367 - 982 889 371
Xulgado de 1º Instancia e Instrución nº 2	982 889 382 - 982 889 384
Fiscalía	982 889 395
Notaría	982 401 683
Rexistro Civil	982 889 389
Rexistro da Propiedade	982 401 238
Oficina de Emprego	982 828 700
Facenda	982 403 761
FENOSA atención ao cliente	900 100 251
Repsol Butano avarías	901 121 212
Correos e Telégrafos	982 402 468
Estación de Autobuses Monforte	982 402 694
Estación de Ferrocarril Monforte	912 320 320
ADIF Administrador de Infraestruturas Ferroviarias	912 432 343
Parador Nacional	982 418 484
Inspección Técnica de Vehículos	902 309 000
Parada de taxis (Cardeal)	982 401 435
Parada de taxis (Estación)	982 401 002
El Progreso	982 403 400
La Voz de Galicia	982 416 014
Onda Cero Monforte	982 418 243
Radio Principal Cadea SER	982 400 512
En Común Monforte e Comarca	982 412 129



DEPUTACIÓN
DE LUGO



CONCELLO
DE MONFORTE

GADIS